



## PROCESO DE SELECCIÓN PARA A DIRECCIÓN DA 16ª EDICIÓN DA CULTURGAL (DO 1 AO 3 DE DECEMBRO DE 2023).

### SOBRE A ORGANIZACIÓN DA CULTURGAL

A Feira das Industrias Culturais (CulturGal) está organizada pola asociación sen ánimo de lucro de carácter privado do mesmo nome, fundada e impulsada por cinco asociacións profesionais de diferentes sectores culturais no ano 2010 para dar continuidade e estabilidade a unha feira sobre contidos no sector cultural que xa arrincara de maneira exitosa en 2007.

Forman parte da Xunta Directiva da CulturGal membros das asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

### REQUISITOS E PRAZOS

O proceso de selección das persoas candidatas consiste en achegar á Asociación CulturGal a documentación que se indica:

.- **Curriculum Vitae.** Actualizado e no que se debullen o máis detalladamente posible as titulacións, méritos e experiencia profesional no ámbito da xestión e produción cultural, deseño e coordinación de proxectos da persoa candidata.

.- **Carta de motivación.** Documento onde a persoa candidata perfile a súa visión do proxecto CulturGal, as súas motivacións para candidatar ao posto e a súa perspectiva sobre a continuidade da CulturGal baseada nunha actualización e cambio de modelo para o proxecto. Este documento non poderá superar as 3 páxinas nin as 1.300 palabras.

Unha vez revisadas todas as candidaturas a Xunta Directiva da Asociación CulturGal citará a 5 das persoas candidatas para unha entrevista persoal, que terá lugar en Santiago de Compostela, con posibilidade tamén de realizarse en liña se non fose posible a presenza física da persoa candidata.

As candidaturas deberán enviarse ao enderezo [propostas@culturgal.com](mailto:propostas@culturgal.com) indicando no asunto "Proceso de selección dirección CulturGal 2023\_Nome da persoa candidata".

O prazo de envío de candidaturas abranguerá dende o momento da publicación deste proceso ata o mércores 8 de marzo ás 23.59 h. Non serán válidas as candidaturas que se acheguen por ningún outro medio ou fóra do prazo establecido.

Durante o prazo aberto para a recepción de propostas, as persoas interesadas poderán achegar as súas dúbidas e/ou comentarios ás presentes bases no correo indicado con anterioridade.



## CONDICIÓN

Establécese unha cantidade fixa polo servizo de 16.000 € (+IVE).

A data de inicio dos traballos será a que se determine no contrato que para os efectos se formalice e terá unha duración total de 12 meses a contar dende a súa sinatura. Como temporalidade aproximada calcúlase o comezo para a segunda metade do mes de marzo.

O contrato poderá prorrogarse de común acordo entre as partes por anos sucesivos ata o máximo de 3 prórrogas (duración total 4 anos: 1 ano de contrato + 3 posibles prórrogas anuais).

## FUNCIÓNS DO POSTO DE DIRECCIÓN

A Culturalgal atópase nun proceso de reflexión co obxectivo de actualizar o seu modelo de cara a seguir sendo un proxecto sostible, de calidade e aglutinante da cultura galega. Polo tanto esta cuestión estará no centro do proceso de definición da edición de 2023, na que se pretende seguir a traballar nas bases para esta actualización do modelo.

Funcións:

- .- Dirixir a Feira das Industrias Culturais 2023, en colaboración coa Xunta Directiva da Asociación Culturalgal e co resto do equipo nas distintas áreas.
- .- Definir o programa, en coordinación tamén coa Xunta Directiva da Asociación Culturalgal.
- .- Dirixir e supervisar a produción executiva do proxecto.
- .- Dirixir e supervisar os equipos técnicos necesarios para a súa realización.
- .- Definir e xestionar a presentación de axudas e plans de patrocinio, e a procura de novas oportunidades e vías de financiamento de carácter público ou privado.
- .- Dirixir e coordinar a venda dos espazos expositivos e a venda de entradas.
- .- Dirixir e coordinar a montaxe do evento.
- .- Dirixir e supervisar a comunicación do evento e resolver calquera imprevisto que xurda no decurso do mesmo.
- .- Presentar unha memoria final das actuacións realizadas de acordo cos parámetros indicados pola Xunta Directiva, e informar por escrito de aspectos concretos da súa competencia cando así fose requirido.

Todas estas funcións deben estar enfocadas ao cumprimento das seguintes necesidades sectoriais. Nun proxecto transversal como a Culturalgal camíñase cara un evento o máis aglutinante posible nos intereses, necesidades e obxectivos dos distintos sectores representados na Asociación Culturalgal.



#### Necesidades sectoriais:

- .- Fortalecer e dar maior dimensión á relación cos públicos da Culturgal, e ampliar o perfil e número de público asistente.
- .- Aumentar as sinerxías intersectoriais entendendo que a Culturgal debe ser a plataforma idónea para tecer relacións profesionais de corte transversal entre os sectores representados.
- .- Promover e dar visibilidade aos diferentes sectores culturais representados polas diferentes asociacións profesionais que conforman a Feira (Artes escénicas, Audiovisual, Música, Novas Tecnoloxías e Libro).
- .- Promover o traballo das asociacións promotoras da Feira e dar visibilidade ás súas marcas, con peso específico no sector cultural (proxectos, actividades, liñas estratéxicas...).
- .- Acadar o máximo nivel de excelencia polo que respecta á programación da Feira, con especial atención ao cumprimento das condicións profesionais de artistas e persoal técnico e auxiliar, de acordo cos convenios colectivos vixentes.